



RESOLUCIÓN DESTA XEFATURA TERRITORIAL PARA A EXTRACCIÓN DE NAVALLA E LONGUEIRÓN AS CONFRARIAS DE PESCADORES DE CAMARIÑAS E MUXÍA

Por mor do disposto na Orde do 23 de decembro de 2015 (DOG Nº 248, do 30 de decembro de 2015) pola que se aproba o PLAN XERAL DE EXPLOTACIÓN MARISQUEIRA PARA O ANO 2016 e ao amparo do Decreto 237/02 de 11 de xullo que modifica o Decreto 423/93, polo que se refunde a normativa vixente en materia marisqueira, de extracción de algas e cultivos mariños, así como o Decreto 15/2011, de 28 de xaneiro polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia; vista a solicitude da CONFRARIAS DE PESCADORES DE CAMARIÑAS E MUXIA para a extracción de NAVALLA E LONGUEIRÓN, esta Xefatura Territorial no exercicio das súas competencias e previos os informes técnicos favorables, ACORDA ditar a seguinte

RESOLUCIÓN

AUTORIZASE a extracción de Navalla e Longueirón coas condicións que a continuación se especificarán, **advertíndoselles que a efectividade da mesma para a realización da actividade extractiva, estará supeditada á previa autorización de Capitanía Marítima e ao cumprimento das normas de seguridade**, e acorde co método de extracción aprobado no Plan de Explotación.

DATAS: 1,2,5,6,7,8,9,12,13,14,15,16,19,20,21,22,23,26,27,28,29 e 30 de setembro.

O día 12 de setembro solicitado, posto que segundo a Resolución de 26/11/2015 (DOG nº 234, de 09/12/2015) é festa laboral de carácter local en Muxía, a venta deberá realizarse na Lonxa de Camariñas.

ZONAS PARA MERGULLO EN APNEA:

- B: Praia de Borreiros (CM-034).
- C: Praia da Cruz (CM-037).

ZONAS PARA MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE:

- A: Libre marisqueo entre Punta Sandía e a desembocadura do Río Lago, que inclúe as praias de Lago e Barreira e a zona infralitoral entre a praia de Barreira e Punta Sandía (CM-033).

A zona A estaba autorizada unicamente para traballar con mergullo en apnea, pero unha vez recibidas as coordenadas que delimitan esta zona e que se sinalan a continuación, autorízase tamén o **mergullo semiautónomo** nas zonas cuxa **profundidade sexa superior a 5 m.**, no caso de que a profundidade sexa **inferior a 5 m.** traballarán unicamente en **apnea**. Xúntase a esta resolución o mapa da zona A (CM-033).

43° 7.80N	09° 10.29W	43° 7.01N	09° 09.97W
43° 7.79N	09° 10.18W	43° 6.80N	09° 10.12W
43° 7.67N	09° 10.10W	43° 6.71N	09° 10.06W
43° 7.59N	09° 10.10W	43° 6.52N	09° 10.10W
43° 7.52N	09° 10.07W	43° 6.34N	09° 10.15W
43° 7.31N	09° 10.10W	43° 6.32N	09° 10.23W
43° 7.20N	09° 09.97W	43° 6.36N	09° 10.33W

- B: Enseada de Merexo, que inclúe as praias de Area Maior (CM-036) e praia de Loureiro (CM-035).
- D: Por fóra da Praia de Mozogondón (CM-038).
- E: Está situada na parte media da ría de Camariñas, fronte á praia de Barreira e desembocadura do río Grande de Ponte do Porto (CM-146), delimitada polas coordenadas cartográficas: 29T 0486141/4774564, 29T 0485105/4774531, 29T 04855158/4773288, 29T 0486194/477306 (UTM-1950).



Cando se empregue o mergullo con subministro de aire dende superficie, con carácter diario e antes das 09:30 h, a confraría comunicará á xefatura territorial por cada equipo de traballo e zona, o listado de participantes así como a embarcación responsable do control.

PUNTOS DE CONTROL: Lonxas de Camariñas e Muxía .

PUNTOS DE CONTROL A FLOTE:

"MARÍA LUISA" ou "MARÍA DEL PILAR"

Responsables: FÉLIX VILELA CARLÍN (79327179H)

JUAN CARLOS PASANTES CASTIÑEIRA (79321385C)

O control será realizado no propio banco polos integrantes do plan, debendo comunicar, xunto coa solicitude de apertura mensual, a embarcación e tripulantes responsables do control. Este control deberá estar formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. **No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os topes de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose un ticket nominativo.**

CALQUERA INCUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NESTES PUNTOS DE CONTROL SUPORÁ A PROHIBICIÓN DO MERGULLO SEMIAUTÓNOMO.

No caso de que algún día a persoa responsable non saia a faenar, exercerá como responsable do punto de control o substituto do xefe de equipo para mergullo semiautómomo. **Nunca se traballará con mergullo semiautónomo se vai unha soa embarcación.**

Nos puntos de control verificarase o cumprimento das cotas de captura, tallas, zona de extracción e tempos de permanencia na zona de traballo das diferentes embarcacións participantes.

O EXCESO DE CAPTURA CON RESPECTO AO TOPE AUTORIZADO DEBE SER INMEDIATAMENTE DEVOLTO AO MAR TRAS REALIZAR O CONTROL.

Os datos de extracción mensuais (nome dos barcos asistentes cada día, o número de mergulladores de cada barco/día, a zona de traballo e o horario de inmersión dos mergulladores de cada barco ou, de non ser posible, o tempo de permanencia na zona de extracción de cada embarcación) deberán ser remitidos ao biólogo de zona con cada solicitude de apertura, para poder realizar o seguimento do plan de explotación.

Enviase modelo de folla de control para a recollida de datos no punto de control que deberá ser remitido ao biólogo de zona no correo electrónico susana.fandino.silva@xunta.es

MÉTODO DE EXTRACCIÓN: Mergullo en apnea e semiautónomo.

PUNTOS DE VENDA: Lonxas de Camariñas e Muxía.

TOPES DE CAPTURA: 25 kg. mergullador enrolado e a bordo/día.

HORARIO: Mergullo en apnea: de 08:00 a 14:00 horas.

Mergullo semiautónomo: de 10:00 a 13:00 horas.

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse RECURSO DE ALZADA ante a conselleira do Mar no prazo DUN MES dende a notificación ou publicación desta resolución, segundo os artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/99.

A Coruña, 31 de agosto de 2016
O xefe territorial

Juan Carlos Barreiro González



**EMBARCACIÓNS E MERGULLADORES AUTORIZADOS PARA EXTRACCIÓN DE NAVALLA E
LONGUEIRÓN NAS CONFRARIAS DE CAMARIÑAS E MUXIA (ZONA VI)
SETEMBRO DE 2016**


EMBARCACIÓNS E MERGULLADORES AUTORIZADOS PARA MERGULLO EN APNEA				
EQUIPO 1 - XEFE DE EQUIPO: MANUEL ANGEL PASANTES CARRIL				
SUBSTITUTO: CARLOS VALIÑA AMEIJENDA				
EMBARCACIÓN		CUPOS	MERGULLADORES	DNI
O VULCANO	CO-4-2-12	3	MANUEL A. PASANTES CARRIL BRAIS RODRÍGUEZ TRIÑANES VACANTE	46898518T 47379179F
MIRIAM	CO-4-1960	2	SANTIAGO MOUZO TAJES VACANTE	79324243A
NAUTIL	CO-4-8-04	3	CARLOS VALIÑA AMEIJENDA CARLOS NOVEGIL VENTOSO ERNESTO RIVERA PICHEL	79326234Q 79336335C 79326352L
SIRENA DEL MAR	CO-4-1722	3	JESÚS JAVIER PÉREZ DOMÍNGUEZ FCO. JAVIER LOBELOS SUÁREZ JUAN JESÚS SANTOS LOBELOS	47368640W 46902944X 76367136Y
MARIA LUISA	CO-4-1778	2	FELIX VILELA CARLIN VACANTE	79327179H
MARÍA DEL PILAR	CO-4-1961	2	JUAN CARLOS PASANTES CASTIÑEIRA VACANTE	79321385C
¹ ANA	CO-4-1803	2	ALEJANDRO HAZ SONEIRA VÍCTOR MANUEL HAZ SONEIRA JESÚS MARÍA CARBALLO SAR	47368640W 76369453T 79323497Q
EQUIPO 2 – XEFE DE EQUIPO JESÚS M. LEMA CARRERA				
EMBARCACIÓN		CUPOS	MERGULLADORES	DNI
SANDRA	CO-4-1716	3	JESÚS M. LEMA CARRERA MARIO A. IGLESIAS OTERO VACANTE	32788403V 36077465X
EMBARCACIÓNS E MERGULLADORES AUTORIZADOS PARA MERGULLO SEMIAUTÓNOMO				
EQUIPO 1 - XEFE DE EQUIPO: FÉLIX VILELA CARLÍN				
SUBSTITUTO: JUAN CARLOS PASANTES CASTIÑEIRA				
EMBARCACIÓN		CUPOS	MERGULLADORES	DNI
O VULCANO	CO-4-2-12	3	MANUEL A. PASANTES CARRIL BRAIS RODRÍGUEZ TRIÑANES VACANTE	46898518T 47379179F
MIRIAM	CO-4-1960	2	SANTIAGO MOUZO TAJES – R apnea VACANTE	79324243A
NAUTIL	CO-4-8-04	3	CARLOS VALIÑA AMEIJENDA CARLOS NOVEGIL VENTOSO ERNESTO RIVERA PICHEL	79326234Q 79336335C 79326352L
SIRENA DEL MAR	CO-4-1722	3	JESÚS JAVIER PÉREZ DOMÍNGUEZ FCO. JAVIER LOBELOS SUÁREZ JUAN JESÚS SANTOS LOBELOS	47368640W 46902944X 76367136Y
MARIA LUISA	CO-4-1778	2	FELIX VILELA CARLIN VACANTE	79327179H
MARÍA DEL PILAR	CO-4-1961	2	JUAN CARLOS PASANTES CASTIÑEIRA VACANTE	79321385C
¹ ANA	CO-4-1803	2	ALEJANDRO HAZ SONEIRA VÍCTOR MANUEL HAZ SONEIRA – solo tienen apnea, no pueden con semi JESÚS MARÍA CARBALLO SAR	47368640W 76369453T 79323497Q
SANDRA	CO-4-1716	3	JESÚS M. LEMA CARRERA MARIO A. IGLESIAS OTERO VACANTE	32788403V 36077465X

¹ A EMBARCACIÓN “ANA” TEN TRES MERGULLADORES ENROLADOS, PERO SÓ CONTA CON DÚAS COTAS DE EXTRACCIÓN, POLO QUE CANDO TRABALLEN CON MERGULLO EN APNEA SÓ PODERÁN TRABALLAR DOUS DELES. NESTA MESMA EMBARCACIÓN UNICAMENTE ESTÁ HABILITADO PARA TRABALLAR CON MERGULLO SEMIAUTÓNOMO JESÚS MARÍA CARBALLO SAR (1 COTA DE EXTRACCIÓN), POIS NIN VÍCTOR HAZ SONEIRA NIN ALEJANDRO HAZ SONEIRA TEÑEN TITULACIÓN QUE OS HABILITE PARA TRABALLAR NESTA MODALIDADE, PUDENDO UNICAMENTE UN DELES ENCARGARSE DAS UMBILICAIS NO GRUPO DE TRABALLO DO QUE FORMEN PARTE.

NOTA: As embarcacións e mergulladores propostos neste plan e que non obren no presente anexo, teñen a documentación incompleta, polo que deberán tramitar a mesma a través da Confraría de Pescadores correspondente. Unha vez corrixidas as deficiencias, incorporaranse mediante modificación da Resolución de apertura.



MAPA ZONA A (CM-033)





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000 Fax: 981 182 228



FOLLA DE CONTROL		PLAN DE EXPLOTACIÓN CONXUNTO DE SOLÉNIDOS A MERGULLO DAS CONFRARÍA DE CAMARIÑAS E MUXÍA				
EMBARCACIÓN:		MES:		QUINCENA:		
DATA	Nº MERGULL.	KG EN CONTROL		TEMPO TRABALLO EN BANCO		MODALIDADE DE MERGULLO
		NAVALLA	LONGUEIRON	HORA CHEGADA	HORA SAÍDA	
OBSERVACIÓNS:		FIRMA RESPONSABLE:				

(*) ZONAS DE TRABALLO: A (praias de Lago, Barreira e infralitoral entre Barreira e punta Sandía), B (praias de Area Maior, Loureiro e Borreiros), C (praia da Cruz), D (por fóra da praia de Mozogondón), E (centro da ría que se estende ata a praia de Barreira e desembocadura do río Grande de Ponte de Porto).